

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 10 de decembro de 2009, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se procede a dar publicidade ás listaxes provisionais de persoas aspirantes a vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en diversas categorías sanitarias e de xestión e servizos, correspondentes ao proceso de incorporación de novos méritos e selección de novas persoas aspirantes, formalizado pola Resolución do 1 de abril de 2009 do citado centro directivo.

O proceso de incorporación de novos méritos polas persoas aspirantes xa inscritas e a selección de novas persoas aspirantes para vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde fue formalizado pola resolución deste centro directivo do 1 de abril de 2009 (DOG número 73, do 17 de abril).

De conformidade coas atribucións conferidas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio (DOG número 109, do 5 de xuño), polo que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 15 de xuño de 2009 (DOG número 119, do 19 de xuño), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, esta Dirección de Recursos Humanos

RESOLVE:

Primeiro.-Darlle publicidade ás listaxes provisionais, de acordo co establecido na Norma Xeral 6.1.2 do Pacto sobre selección temporal (DOG número 104, do 1 de xuño), e coa base oitava da resolución da convocatoria, unha vez rematado o proceso de baremación de méritos dos aspirantes inscritos nas categorías sanitarias e de xestión e servizos que se relacionan deseguido, todas elas de ámbito de área sanitaria:

- Persoal médico de familia.
- Persoal médico de urxencias hospitalarias.
- Pediatria.
- Odontólogo e odontóloga.
- Persoal de enfermaría (DUE).
- Matrón e matrona.
- Auxiliar de enfermaría.
- Cociñeiro e cociñeira.

Segundo.-As listaxes provisionais estarán expostas nos tableros de anuncios das direccións provinciais e das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, así como na páxina web do organismo (www.sergas.es).

Terceiro.-As persoas interesadas poderán formular reclamación contra a resolución de publicación das listaxes perante a dirección provincial correspon-

dente no prazo de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2009.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 5 de outubro de 2009 pola que se convocan probas selectivas para a provisión de prazas de técnicos especialistas en informática vacantes no cadro de persoal laboral desta universidade.

Debido á necesaria provisión de 10 prazas vacantes de técnicos especialistas en informática, da vixente relación de postos de traballo do persoal laboral de administración e servizos, esta reitoría no uso das competencias que se lle atribúen no artigo 20 da Lei orgánica de universidades, así como nos estatutos desta universidade

RESOLVE:

Primeiro.-Convocar probas selectivas para cubrir 10 prazas de técnicos especialistas en informática (grupo III), das que 5 se convocan pola quenda de promoción interna e 5 pola quenda libre.

Segundo o artigo 18 do III convenio colectivo do PAS laboral da UDC as vacantes non cubertas pola quenda de promoción interna acumularanse á provisión externa, e as persoas seleccionadas pola quenda de promoción interna, para as que se habilitarán probas específicas, terán preferencia sobre a quenda libre para a elección de vacantes .

Ao abeiro do disposto no artigo 22 do III convenio colectivo dos PAS laboral da UDC, ao remataren as probas selectivas constituiranse listaxes de espera para cubrir con carácter temporal os postos de traballo que poidan xurdir ata o próximo proceso selectivo. As persoas candidatas procedentes da listaxe de promoción interna terán preferencia sobre as de quenda libre. Para estes efectos, as persoas aspirantes deberán presentar a solicitude debidamente cuberta, indicando todos os datos que se requiren no impreso que figura como anexo III, e especificando as súas opcións de preferencia en canto á localidade e/ou ao tipo de contrato.

As probas selectivas realizaranse con suxeición ás seguintes bases da convocatoria:

Primera.-Solicitudes.

1.1. As persoas que desexen tomar parte nestas probas selectivas deberán solicitalo segundo modelo